

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Castro de Rei para a mellora da rede de abastecemento de auga de Castro de Rei. Fase 2. Castro de Rei (Lugo), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020

1. Antecedentes

O Concello de Castro de Rei ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Castro de Rei que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Mellora da rede de abastecemento de auga de Castro de Rei. Fase 2. Castro de Rei (Lugo)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O sistema de abastecemento actual do Concello de Castro de Rei que da servizo, principalmente, ao núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e o seu polígono industrial, presenta déficits de presión en diferentes puntos da rede no período estival. Esta circunstancia está causada por un aumento nas demandas de auga nesta época do ano, que provocan diminucións da presión da auga en varios puntos do sistema debido ás excesivas perdas de carga xeradas. Todo elo pon de manifesto a falta de capacidade da rede para cubrir as demandas punta estivais.

Para dar solución a este problema, Augas de Galicia e o Concello de Castro de Rei xa teñen colaborado nunha primeira fase de mellora do seu sistema de abastecemento. Abórdase agora unha segunda fase consistente na execución dunha nova tubaxe de máis de 1,5 km de lonxitude en parte do núcleo de Castro Ribeiras de Lea e ao longo da estrada LU-1706, resolvendo todas as interferencias con outros servizos existentes no trazado da mesma.



A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a catrocentos mil euros (400.000,00 €), distribuídos nas seguintes anualidades entre as partes asinantes:

	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO DE CASTRO DE REI	IMPORTE
2021	60.000,00 €	15.000,00 €	75.000,00 €
2022	260.000,00 €	65.000,00 €	325.000,00 €
TOTAL	320.000,00 €	80.000,00 €	400.000,00 €

Para financiar a súa achega Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán dous tramos diferentes de financiamento:

- gasto non elixible, que suporá aproximadamente un 20% do investimento total. O concello de Castro de Rei financiará exclusivamente este tramo cunha achega máxima de oitenta mil euros (80.000,00 €). En ningún caso, a achega do concello de Castro de Rei será superior ao gasto non elixible. Se o gasto non elixible definitivo resulta superior, Augas de Galicia financiará a diferenza.
- gasto elixible, a execución das obras de referencia serán cofinanciadas de acordo coas seguintes porcentaxes do gasto elixible:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020. As actuacións enmarcaranse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural na Medida 07 "servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais", Submedida 7.2 "apoio ós investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía".





XUNTA
DE GALICIA



FONDO EUROPEO AGRÍCOLA
DE DESENVOLVEMENTO RURAL
"Europa inviste no rural"



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



- Por Augas de Galicia nun 17,50 %
- Polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun 7,50%

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(asinado dixitalmente)

